A/A DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

(Edificio Administrativo Campolongo, Av. María Victoria Moreno, 43-4º, 36003 Pontevedra)

ASUNTO: FASE DE INFORMACIÓN PÚBLICA DOS EXPEDIENTES IN408A 2019/103-NT E IN408A 2019/104-NT. ALEGACIÓNS Á SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA PREVIA, AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA DE CONSTRUCCIÓN E AO ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL CONXUNTO DO PARQUE EÓLICO NESA MONTE ARCA NORTE (IN408A 2019/103-NT) SITUADO NOS CONCELLOS DA ESTRADA E CUNTIS (PONTEVEDRA) E DO PARQUE EÓLICO NESA MONTE ARCA SUR COAS SÚAS INFRAESTRUTURAS DE EVACUACIÓN (IN408A 2019/104-NT) SITUADO NOS CONCELLOS DA ESTRADA, CUNTIS E O CAMPO LAMEIRO.

A/O alegante Dona/Don _____ con DNI/NIE número _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, municipio de _____, provincia_____, teléfono_____.

EXPÓN:

En vista do anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) N.º 186 do 30/09/2026 do *acordo do 22 de setembro de 2026, do Departamento Territorial de Pontevedra, polo que se someten a información pública as solicitudes de autorización administrativa previa, autorización administrativa de construción e o estudo de impacto ambiental (EIA) conxunto do parque eólico Nesa Monte Arca Norte, situado nos concellos da Estrada e Cuntis (expediente IN408A 2019/103-NT) e do parque eólico Nesa Monte Arca Sur coas súas infraestruturas de evacuación, situado nos concellos da Estrada, Cuntis e O Campo Lameiro (expediente IN408A 2019/104-NT)*.

1. **O actual Plan Sectorial Eólico de Galicia, polo que se rexen os parques eólicos Nesa Monte Arca Norte e Nesa Monte Arca Sur, non foi sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, polo que se incumpre a lexislación ambiental e europea.**

   A norma estatal *Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de evaluación ambiental*, considera que a avaliación ambiental é indispensable para asegurar a protección do medio ambiente. A falta de sometemento do PSEG á avaliación ambiental estratéxica implica o incumprimento de normas europeas: Directiva 2011/92/UE, Directiva 2003/35/CE e Directiva 2001/42/CE.

2. **A localización dos aeroxeradores A01S e A03S do P.E. Nesa Monte Arca Sur incumpre a distancia de seguridade a zonas habitadas de Cuntis establecida pola lei do sector eólico de Galicia. Ademais, ámbolos parques eólicos ("Nesa Monte Arca Norte" e "Nesa Monte Arca Sur") incumpren a distancia de 2 km de protección do MITERD.**

   A *Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental* establece que a distancia dos aeroxeradores ás delimitacións de solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado será a maior destas dúas: 500 m ou 5 veces a altura total do aeroxerador (resultado da suma da altura da buxa máis a lonxitude da pa). En base a isto, a menos de 1.030,5 m (distancia mínima resultante) existen vivendas agrupadas en Cuntis, no lugar de Gorguyo, que non están incluídas en ningunha delimitación do planeamento urbanístico de Cuntis.

   En canto a distancia preventiva proposta polo MITERD (2 km), os aeroxeradores dos parques eólicos obxecto incúmprena nun total de 11 núcleos de poboación no termo municipal da Estrada e en 6 no termo municipal de Cuntis.

3. **A promotora non identifica nin avalía a afección sobre o benestar animal dos cabalos salvaxes que residen nos montes onde se planifica a LAAT; así como as sinerxías co P.E. Touriñán III-2.**

   O EsIA non estuda nin avalía a potencial afección sobre os cabalos salvaxes presentes nos montes de A Estrada e Campo Lameiro. A implantación da LAT e o futuro parque eólico Touriñán III-2 poderían modificar o seu comportamento, reducindo o seu benestar. Por tanto, débese analizar as funcións ecolóxica e sociocultural destes animais, así como o seu benestar animal.

4. **A promotora non identifica nin avalía a afección sobre o Ben de Interese Cultural (BIC) A Rapa das Bestas de Sabucedo declarado no pasado ano 2025. Cuestión relevante para a Declaración de Impacto Ambiental desfavorable doutros parques eólicos e infraestruturas de evacuación planificados en O Campo Lameiro e A Estrada.**

   O EsIA mailos seus anexos unicamente mencionan a Festa de Interese Turístico Internacional vencellada á Rapa das Bestas de Sabucedo, pero en ningún momento identifican nin avalían as repercusións negativas da implantación dos proxectos sobre o Ben de Interese Cultural (BIC). A afección a este BIC foi un dos argumentos expostos na recente resolución ambiental desfavorable do expediente PEol-922 tramitado polo MITERD e relativo aos parques eólicos Chamarrapio, Xubrintas e Alamoceiros e as súas infraestruturas de evacuación.

5. **A promotora infravalora a afección das actuacións dos parques eólicos e da LAAT sobre as zonas húmidas incluídas no inventario publicado pola Xunta. Minusvalora os efectos sobre os propios espazos de alto valor ecolóxico e sobre a fauna que as emprega.**

   A proximidade dos aeroxeradores e das súas actuacións, así como do tendido eléctrico da liña de alta tensión ás zonas húmidas inventariadas pola Xunta supón unha potencial afección sobre estes espazos de elevado valor ecolóxico e sobre a fauna asociada a eles. Efectos negativos e directos para as aves e quirópteros que empregan estes humidais, con alto risco de mortalidade por colisión e electrocución. Ademais de infravalorar a afección, a promotora non ten en conta a futura presenza dos aeroxeradores do parque eólico Touriñán III-2, así como das obras e actuacións previas que poderían igualmente degradar estas zonas producindo sinerxías.

6. **A promotora non estuda a afección a cruces e inscricións existentes no Monte de Cregos, nos límites municipais de A Estrada e O Campo Lameiro, cuestión que debía ser identificada durante a prospección arqueolóxica.**

   A documentación asinada polo equipo de arqueoloxía e presentada pola promotora non identifica as cruces e inscricións que poderían adscribirse á época medieval ou moderna, situadas nas inmediacións da liña eléctrica aérea de alta tensión (apoio 20). A omisión destes elementos culturais pon en entredito a calidade do estudo de avaliación de impacto; así como a imposibilidade de garantir a conservación do patrimonio cultural da Estrada e O Campo Lameiro.

7. **A localización dos parques eólicos Nesa Monte Arca Norte e Nesa Monte Arca Sur non é coherente coa zonificación ambiental para enerxías renovables do MITERD.**

   Segundo o Índice de sensibilidade ambiental da ferramenta de zonificación ambiental do MITERD, 3 aeroxeradores localízanse sobre zonas de sensibilidade ambiental moderada, mentres que outros 3 localízanse sobre zonas de sensibilidade ambiental baixa. Ademais, debe terse en conta que tanto o aeroxerador A03N coma o A03S localízanse a aproximadamente 50 m e 35 m respectivamente da zona de sensibilidade máxima, onde non é recomendable a localización de aeroxeradores.

8. O Estudo de Impacto e Integración Paisaxística (EIIP) presenta deficiencias na metodoloxía e na interpretación da afección visual.

O ámbito de estudo da LAAT, limitado a 5 km, non permite avaliar integramente a incidencia sobre a Serra do Candán e o Monte do Testeiro. Así mesmo, o ámbito de 15 km dos parques eólicos deixa parcialmente fóra ao Coto de Codeseda, malia que desde a parte analizada son visibles os seis aeroxeradores. Debe completarse a análise destes espazos.

O EIIP minimiza a extensión da afección ao cualificar como pequenos espazos superficies que abranguen miles de hectáreas: aproximadamente 2.396 ha permiten observar seis ou máis apoios da LAAT e 25.096 ha presentan visibilidade dalgún aeroxerador. A valoración debe considerar conxuntamente superficie, porcentaxe e intensidade da exposición visual.

No Coto da Paradela serían visibles entre 16 e 20 apoios novos e no Alto dos Cregos entre 6 e 10. Porén, a análise acumulativa agrupa entre 1 e 50 apoios visibles nun único intervalo, sen precisar a superposición cos tendidos existentes nin a afección ás vistas panorámicas destes enclaves. Tampouco foi analiza a potencial afección ao Camiño da Geira e dos Arrieiros, en canto á análise das zonas de concentración potencial de observadores nin no estudo turístico.

9. A promotora non xustifica suficientemente a integración paisaxística do cruzamento da LAAT co río Umia.

O EsIA cualifica o cruzamento entre os apoios T9 e T10 como "sen impacto", apoiándose na distancia dos apoios ao leito, sen avaliar especificamente a paisaxe do val, a vexetación de ribeira e a continuidade do corredor fluvial. Este ámbito está identificado no PXOM da Estrada como Área de interese ambiental Ribeira fluvial do río Umia. Debe completarse a avaliación cunha comparación das alternativas neste cruzamento, a identificación das afeccións ás ladeiras e á vexetación e medidas específicas de integración, xustificando a aplicación das directrices de paisaxe relativas aos espazos fluviais.

10. A documentación elaborada pola promotora atópase incompleta e nalgúns casos con metodoloxía inapropiada.

O Estudo de Impacto Ambiental (EsIA) e os seus anexos, presentado pola promotora, presenta deficiencias, ben por falta de información de detalle ou ben polo emprego de metodoloxía incorrecta. Ademais do comentado anteriormente destaca o seguinte:

- Falta de descrición e avaliación en detalle da alternativa cero, onde se describa a evolución temporal.
- Falta de avaliación da afección sobre captacións de auga para abastecemento humano e gandeiro, baseado en traballo de campo e vulnerabilidade da veciñanza afectada.
- Falta dun estudo acústico con metodoloxía axustada a realidade local do territorio afectado, incluíndo como receptores as aldeas más próximas de A Estrada, O Campo Lameiro e Cuntis.
- Ausencia dun estudo de impacto social completo que inclúa a análise detallada dos servizos ecosistémicos conforme á *Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.*
- Ausencia da Separata urbanística para o Concello de A Estrada segundo o disposto no artigo 134 da normativa do PXOM de A Estrada.
- Falta dun estudo de parpadeo de sombras (*shadow flicker*) completo, que incorpore a caracterización individualizada dos receptores afectados, a corrección das incoherencias detectadas, a xustificación dos parámetros empregados na modelización e a definición de medidas preventivas e correctoras concretas.

11. **A execución dos proxectos eólicos incumpre as previsións establecidas no Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2001-2030 ao non considerarse a repotenciación como unha alternativa. Tampouco se teñen en conta as recomendacións da "Estratexia galega de Infraestrutura Verde e da compatibilidade e restauración ecolóxicas".**

    A repotenciación de parques eólicos existentes constitúe unha alternativa que, necesariamente, debe ser obxecto de análise no marco do procedemento de avaliación ambiental.

En virtude de todo o exposto,

(1) <u>SOLICITA A NON CONSTRUCIÓN</u> das instalacións obxecto dos expedientes IN408A 2019/103-NT e IN408A 2019/104-NT relativos aos proxectos denominados "Parque Eólico Nesa Monte Arca Norte" e "Parque Eólico Nesa Monte Arca Sur e as súas infraestruturas de evacuación", proxectados nos concellos da Estrada, Cuntis e O Campo Lameiro (Pontevedra) e promovida por Nesa Vento Galego 2, S.L. e Nesa Vento Galego 3, S.L.; **en base ás deficiencias da documentación presentada pola promotora e ás afeccións significativas sobre o medio ambiente. Rexéitase o estudo de impacto ambiental, a solicitude de autorización administrativa previa e a solicitude de autorización administrativa de construción dos citados proxectos.**

(2) A/O alegante Dona/Don _____, con DNI/NIE _____, autoriza e outorga a súa representación a Dona/Don _____, con DNI/NIE _____, para presentar ante a SECCIÓN DE ENERXÍA DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA o presente escrito de alegacións relativo á FASE DE INFORMACIÓN PÚBLICA DOS PROXECTOS DENOMINADOS "PARQUE EÓLICO NESA MONTE ARCA NORTE" (EXPEDIENTE IN408A 2019/103-NT) E "PARQUE EÓLICO NESA MONTE ARCA SUR E AS SÚAS INFRAESTRUTURAS DE EVACUACIÓN" (EXPEDIENTE IN408A 2019/104-NT), así como para realizar as actuacións de presentación e rexistro directamente relacionadas con dito escrito.

En _____, a _____ de _____ de 2026.

Asinado pola/polo alegante: _____